



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



C.E.I.P. NOSA SRA. DA PIEDADE
Rúa Neira Vilas- 44
36590 Vila de Cruces – Pontevedra
E-mail:
ceip.nosashora.piedade@edu.xunta.es
Tfno. 886151752- Fax: 886151754

FONDO SOLIDARIO E AXUDAS MATERIAL CURSO 2021/22

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria no vindeiro curso, poden solicitar no centro o **préstamo de libros de texto e a axuda de material escolar ata o 22 de xuño**.

(O alumnado de 5º está incluído para o próximo curso no proxecto de Educación dixital E- Dixgal polo que non vai usar libros de texto e só solicitará a axuda para o material)

A solicitude poderase facer:

- No centro: entregando o Anexo I e II e a documentación.
- Na páxina web da Xunta de Galicia: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>
<https://www.sede.xunta.gal>

Os requisitos para as solicitudes son os seguintes:

- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: 6 libros de texto
- Renda per cápita entre 6.000e 10.000 euros: 4 libros de texto
- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: 50 euros para axuda de material escolar.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2019** (sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza) entre o número de membros computables.

Sumaranse os recadros 435+460. Cando non se presente declaración da renda, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2019.

Documentación

- Anexo I e II.
- Copia do Libro de familia (ou calquera outro documento que acredite a unidade familiar: sentenza de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia...)
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade de calquera membro da familia.
- Acreditación de situación de violencia de xénero.

CADA FAMILIA PRESENTARÁ UNHA ÚNICA SOLICITUDE



AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020/21

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en 1º e 2º de E. Primaria no vindeiro curso, poden solicitar **as axudas para libros de texto e material escolar ata o 22 de xuño.**

A solicitude poderase facer:

- No centro: entregando o Anexo I e II e a documentación.
- Na páxina web da Xunta de Galicia:
<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>
<https://www.sede.xunta.gal>

Os requisitos para as solicitudes son os seguintes:

- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: 210 euros para libros de texto.
- Renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros: 140 euros para libros de texto.
- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: 50 euros para material escolar.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2019** (sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza) entre o número de membros computables.

Sumaranse os **recadros 435+460**. Cando non se presente declaración da renda, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2019.

Documentación

- Anexo I e II.
- Libro de familia (ou calquera outro documento que acredite a unidade familiar: sentenza de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia...)
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade de calquera membro da familia.
- Acreditación de situación de violencia de xénero.

CADA FAMILIA PRESENTARÁ UNHA ÚNICA SOLICITUDE.